



## PREGUNTA ORAL SOBRE O PROCEDEMENTO SANCIONADOR INICIADO CONTRA A EMPRESA ENCARGADA DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Goberno Local do 23 de febreiro deste ano acordou iniciar un “procedemento sancionador contra a empresa” contratada en maio de 2017 para desenvolver os denominados orzamentos participativos, á vista de que a execución do contrato deu lugar a unha demora na mesma, a un desfase orzamentario e, mesmamente -tal e como recoñece a concelleira na súa proposta de 13 de febreiro- a un “descrédito desta administración”. Malia que o referido acordo derivase dun informe do 28 de decembro -no que se concluía que procedía a incoación do expediente sancionador- o acordo do Goberno non se toma ata case dous meses máis tarde.

Á vista do exposto, formúlase a seguinte pregunta:

***Considerada a data do referido informe -de 28 de decembro- como explica o Goberno a demora na incoación do expediente sancionador?***

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2018

Alejandro S. Brunete Varela  
Concelleiro do Grupo Popular